**CONCELLO**
**O PEREIRO DE AGUIAR**

# VI CONCURSO DE MARCAPÁXINAS

O Concello do Pereiro de Aguiar, a través da Área de Cultura e da Biblioteca Municipal convoca o "**VI CONCURSO DE MARCAPÁXINAS"**, para conmemorar o Día do Libro o próximo 23 de abril.

1. **Participantes:** Nenos e nenas de entre 3 e 15 anos.

   Estableceranse tres categorías:

   - De 3 a 6 anos.
   - De 7 a 10 anos.
   - De 11 a 15 anos.

   A participación no concurso implica a aceptación das bases.

2. **Formato:** O marcapáxinas a presentar deberá ter unhas medidas de 5x20cm e o deseño realizarase por unha das caras. Pola parte traseira, levará o pseudónimo que identifique o traballo e a idade.

3. **Presentación:** Os traballos presentaranse de xeito presencial na Biblioteca, de luns a venres de 9.45h. a 13.30 h. ou de 16.00 a 19.45 h.

   Xunto co marcapáxinas, entregaranse nun sobre pechado os datos identificativos, nome e apelidos, idade e número de teléfono. Por fora levará o pseudónimo que se corresponderá co que aparece no marcapáxinas.

   Poderanse presentar un máximo de 2 por participante.

4. **Prazo de presentación:** O prazo comeza no momento de publicación das bases, e remata o 21 de abril.

5. **Dereitos de propiedade.** Cada participante cede tódolos dereitos en relación co traballo realizado e presentado ao Concello do Pereiro de Aguiar. Do mesmo xeito cédense os dereitos de manipulación, edición, exposición e reprodución das imaxes.

**LUIS MENOR PÉREZ (1 para 1)**
ALCALDE
Data de Sinatura: 30/03/2026
HASH: 79643a3161453ad4dd078d5577715d3f7



Cod. Validación: 7EL2ASWGCP59PJNPZL32KHP6R
Corrección: https://concellopereiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2

6. **Selección dos marcapáxinas gañadores:** Á hora de valorar, os membros do xurado terán en conta a orixinalidade, a imaxinación, a estética do marcapáxinas, a técnica e a variedade de materiais empregados así como o resultado final.

7. **Xurado e fallo:** O xurado será elixido pola organización, e o fallo emitirase o día 23 de abril. Os gañadores do concurso comunicaranse mediante vía telefónica aos interesados e a través da web e das redes oficiais do Concello.

   O xurado escollerá 18 marcapáxinas gañadores, 6 por categoría.

8. **Premios:** Os traballos seleccionados serán impresos e repartidos nos colexios e tamén estarán dispoñibles para todos os usuarios da Biblioteca Pública do Pereiro de Aguiar.

9. **Máis información:** Calquera información ou aclaración, no enderezo electrónico cultura@concellopereiro.com ou no teléfono 988 259 839.

No Pereiro de Aguiar, na data da sinatura electrónica.

O alcalde.

Luís Menor Pérez



Cod. Validación: 7EL2ASWGCP59PJNPZL32KHP6R
Corrección: https://concellopereiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2